

# Música de cámara

James Joyce

Traducción de Lorenzo Maroño



# MÚSICA DE CÁMARA

**James Joyce**

*James Joyce*

**Traducción de Lorenzo Maroño**



1907

CHAMBER  
MUSIC

BY

JAMES JOYCE

ELKIN MATHEWS  
VIGO STREET, LONDON

## Biografía

James Joyce naceu o 2 de febreiro de 1882 en Rathgar, na periferia de Dublín, nunha familia católica de clase media. Foi o primeiro dos dez irmáns vivos. A personalidade do seu pai, con continuos problemas económicos, asociados ao alcoholismo, marcaron a súa infancia e agravaron a situación familiar co paso do tempo.

En 1888, con seis anos, Joyce entrou a estudar no colexiio dos xesuítas de Clongowes Wood. Abandonouno logo de dous anos por non poder pagas as taxas e matriculouse no colexiio Belvedere de Dublín. En 1898 ingresou na University College de Dublín onde estudiou inglés, francés e italiano. Nestes anos comezou a destacar nos círculos literarios como xornalista e poeta. Aos 14 anos a súa fe católica foi substituída pola crenza na arte e cando estaba na universidade xa rompera co catolicismo, aínda que este é un tema moi controvertido para os biógrafos de Joyce.

Empezou a escribir poesía influído pola tradición clásica isabelina, italiana e os poetas simbolistas franceses. Tras graduarse na universidade en 1902, abandonou Irlanda e se instalou en París para estudar medicina pero tivo que regresar a Dublín en 1903 por mor da morte da súa nai.

En 1904 intentou publicar *Stephen Hero*, unha historia sobre a súa mocidade, pero foi rexeitada. Anos despois volvería reescribila e publicala co título *Retrato dun artista cando novo*. Nese mesmo ano, 1904, coñeceu a Nora Barnacle e xuntos marcharon a Zurich para dar clases de inglés no Berlitz Language School. Uns meses despois, o director do centro recomendou a Joyce trasladarse a Trieste, onde permaneceu os seguintes dez anos. Nese tempo naceron George e Lucia. En 1906, frustrado coa vida en Trieste, mudouse a Roma ata inicios de 1907, cando decidiu regresar a Trieste.

Entre 1909 e 1912 volveu varias veces a Dublín. A primeira vez en 1909, para visitar o seu pai; a segunda, ese mesmo ano, para a estrea da primeira sala de cine de Irlanda; e a terceira, para acordar a publicación de *Dublineses*, pero sen chegar a ningún acordo. Á volta de Dublín escribe o poema *Gas from a Burner*, unha crítica contra o editor. Esta foi a última viaxe á súa cidade natal, a pesar das numerosas invitacións que recibiu cando xa era famoso.

A partir de 1910, os seus problemas de visión aumentaron. Os atrancos económicos eran tamén cuantiosos debido á mala administración que facía das súas finanzas. En 1915, coa I Guerra Mundial, a familia partiu para Zurich grazas ao apoio de dous antigos alumnos. Alí interesouse polas ideas socialistas e democráticas. Unha vez rematada a guerra os Joyce regresaron a Trieste antes de instalarse en París en 1920, onde viviron durante 15 anos.

En 1922 publicou *Ulises*, grazas ao apoio de Harriet Shaw Weaver. O carácter vanguardista da obra gañoulle admiradores e detractores. Os problemas de vista agudizáronse ata o punto de ser operado nove veces en París. Posteriormente realizou diversas viaxes a Suíza para seguir novos tratamentos de ollos así como por mor da esquizofrenia que padecía a filla. Durante a década dos anos trinta, Joyce viaxou por Bélxica, Alemaña ou Dinamarca. En París, van aparecendo aos poucos seccións do que deu en chamar «work in progress» ata que o rematou en 1939 co título de *Finnegans Wake*. Coa ocupación nazi de París, os Joyce regresaron a Zurich en 1940, onde morreu o 13 de xaneiro de 1941.

## Obra

A obra de James Joyce é rica e variada. Abrangue praticamente os diversos xéneros de ficción (poesía, novela, conto e teatro), ademais do xornalístico.

- *Música de cámara* (1907) – poesía
- *Dublineses* (1914) – relatos
- *Retrato dun artista cando novo* (1916) – novela
- *Exiles* (sen tradución en galego) (1918) – teatro
- *Ulises* (1922) – novela
- *Pomes Penyeach* (sen tradución en galego) (1927) – poesía
- *Collected poems* (sen tradución en galego) (1936) – poesía
- *Finnegans Wake* (sen tradución en galego) (1939) – novela

Á súa morte, publicáronse as súas cartas, a novela *Stephen Hero* (1944), algúns poemas inéditos como *Giacomo Joyce* (1968) e dous libros infantís: *The Cat and the Devil* (1964) e *The Cats of Copenhagen* (2012).

A influencia de James Joyce no panorama literario do s. XX é evidente. A súa obra está traducida praticamente en todas as linguas e os estudos que a analizan son incontables.

### ***Música de cámara (Chamber Music)***

*Música de cámara* (1907) foi escrito nos anos universitarios de Joyce e significou a súa primeira publicación. A pesar de seguir compoñendo, Joyce non volvería publicar ningún outro texto poético ata 1927, ano da saída de *Pomes Penyeach*.

O manuscrito de 1905 constaba de 34 poemas e foi rexeitado ata por catro editoriais. Este rexeitamento obrigou a Joyce a realizar algunas modificacións antes de que Elkin Mathews aceptara publicalo co subtítulo «unha suite de 36 cancións para amantes». Algúns dos poemas escritos durante 1902-1904 xa apareceran individualmente en diversos xornais.

O libro componse de 36 poemas numerados e unidos por unha estrutura temática. A ordenación supuxo xa un problema desde o inicio. No primeiro manuscrito, que continha 34 poemas, a orde de ciclo era diferente. Ao vivir entre Roma e Trieste, Joyce encargou o traballo da publicación ao seu irmán Stanislaus, que reordenou os poemas, engadiu os dous últimos e escolleu o título do libro. Joyce non quedou moi satisfeito co traballo do seu irmán. Non entendía por que cambiara a orde do ciclo amoroso e escollera un título «tan autocompracente». Non obstante, é famosa a anécdota, que recolle Herbert Gorman na súa biografía de Joyce, sobre a visita feita en 1904 por Joyce e Oliver Gogarty á casa dunha viúva chamada Jenny. Despois de ler poemas e beber cervexa, a viúva retirouse a ouriñar detrás dunha pantalla e eles oíron o ruído do ouriño contra o penico (chamber pot, en inglés) e Gogarty exclamou: «é un crítico». Con todo, en *Música de cámara*, non hai ningunha referencia á urina.

A suite segue os pasos iniciáticos dunha parella de namorados e a súa inevitable separación. Os episodios da historia sentimental alternan desde a euforia ata a melancolía. Segundo Joyce, o poema central é o XIV, que divide a suite nos dous momentos. A

primeira parte vén configurado pola batalla entre o desexo de reunión e a necesidade idealista de soidade. No poema XIV triunfa o desexo. A segunda parte (poemas XIV-XXII) preludia a separación e a soidade do protagonista. O final (poemas XXIII-XXXVI) mostra a falsidade da paixón amorosa que ameaza a liberdade do protagonista. A imaxinación creativa sae vitoriosa sobre as paixóns humanas. A soidade garante a posibilidade de fuxir dunha sociedade que abafa.

No referido á ordenación temática, a orde que Joyce propón persegue o desenvolvemento dramático do poeta e a súa actitude cara ao amor. É unha orde temática máis clara que o arranxo posterior elaborado por Stanislaus, que se converteu no modelo preferido da versión publicada. Na súa orixe, Joyce planeaba dividir a suite en dúas partes: nun primeiro momento no que se expresase o amor xuvenil e unha segunda parte na que o amor fose máis sereno e complexo. William Tindall propuxo na súa edición de 1954 a seguinte orde (os números romanos corresponden á ordenación da edición de 1907):

- Movemento ascendente (o poeta atópase só): 1 (XXI), 2 (I), 3 (III)
- Primeira parte (a relación entre os amantes): 4 (II), 5 (IV), 6 (V), 7 (VIII), 8 (VII), 9 (IX), 10 (XVII), 11 (XVIII), 12 (VI), 13 (X), 14 (XX), 15 (XIII), 16 (XI)
- Clímax: XIV
- Segunda Parte: movemento descendente: 18 (XIX), 19 (XV), 20 (XXIII), 21 (XXIV), 22 (XVI), 23 (XXXI), 24 (XXII), 25 (XXVI), 26 (XII), 27 (XXVII), 28 (XXVIII), 29 (XXV), 30 (XXIX), 31 (XXXII), 32 (XXX), 33 (XXXIII)
- Remate: XXXIV
- Coda (poemas engadidos posteriormente): XXXV – XXXVI

O argumento do ciclo é o seguinte: o poeta atópase só e alienado. A música serve de introdución aos temas principais da suite: o amor, a alienación, a intensidade estética e a sensualidade. A presenza a amada con música de piano atrae a ollada do protagonista, que pretende conquistala. Logo de conseguido, establecese o conflito entre o amor romántico e a amizade platónica. Entón aparece un rival. O amor do protagonista vólvese dorido e vulnerable. O ambiente tórnase lúgido e finalmente estoico e nostáxico. Nos dous poemas finais o poeta volve quedar só e alienado.

A intertextualidade da obra vén establecida polo emprego de diversas fontes culturais e repertorios estilísticos. Faise referenciais ao *Cantar dos cantares*, á literatura medieval e renacentista europea, a poetas isabelinos coma Shakespeare, Robert Herrick, Henry Lawes, William Byrd ou John Dowland. Tamén comparte intertextualidade co simbolismo francés, principalmente Paul Verlaine, a quen Joyce admiraba.

Como os poetas finiseculares, Joyce buscó o motivo da poesía no ideal estético más ca no existencial. Joyce rexeitaba cinguir a arte á mera exposición da realidade obxectiva ou á representación dun sentimento individual. O protagonista prefire ser consciente do momento da emoción a experimentar a emoción mesma.

As principais críticas que recibiu o ciclo joyceano foron o seu carácter impersonal e a falta de substancia. A repetición de palabras clave provocou o rexeitamento inicial. A utilización dun vocabulario común mesturado con arcaísmos, neoloxismos, cultismos e vocabulario isabelino causa estraneza e afasta o lector de calquera empatía co portagonista. O amor precisa dunha linguaxe ambigua que exprese coma a mágoa e o pracer nacen do desexo. A cadencia musical e o uso que fai da linguaxe poética,

destruíndo e volvendo armar un idioma, amosan o interese posterior do seu autor nas posibilidades da linguaxe.

A música é esencial en todo o ciclo e cobra un protagonismo xa desde o primeiro verso. Joyce insistiu na identidade musical da colección como poemas para ser cantados más ca lidos. Segundo Tindall, a música simboliza a unión e a harmonía. *Música de cámara* está inspirado no modelo isabelino do «love ayre», pequenas composicións onde o amor, transformado pola música, é articulado nun proceso de autocreación. A música de cordas do primeiro poema introduce o ambiente de madrigal e o tópico do locus amoenus no que se vai desenvolver a primeira parte do ciclo. O emprego da música de piano (II) supón un cambio no escenario e de tempo. Un terceiro cambio con arpás (III) fai pensar só no amor senón tamén na amada. Os poemas VI a XIII representan cancións de amor cortés que convidan a unha visión optimista da primavera e da virxindade. Pola contra, a música e os efectos melódicos que xorden a partir do poema XV expresan o sentimento de desesperanza do seu protagonista. A importancia da música na obra de Joyce fai que moitas veces a mensaxe quede relegada a un segundo plano.

Joyce posuía unha visión artística esencialmente musical. A suite evoluciona en significado por medio das formas e símbolos poéticos ao ritmo que evolucionan os contidos musicais. En xullo de 1909 Geoffrey Molyneux Palmer, segundo as indicacións do propio Joyce, é o primeiro en crear unha partitura para 32 dos 36 poemas da colección. Outros compositores como Samuel Barber, Ross Lee Finney, Luciano Berio etc. musicaron tamén a suite joyceana. A primeira representación pública deuna Adolf Mann en 1910 coa interpretación do poema XXXI. O propio Joyce chegou a compoñer a música do poema XI.

Aínda que o libro non se vendeu ben, recibiu unha boa acollida por parte de Ezra Pound ou Yeats. Nunha carta ao seu irmán Stanislaus datada en 1907, Joyce expresoulle o seu descontento co libro: «Non me gusta o libro, pero quero que sexa publicado e que se torne maldito». Non obstante, Joyce non renegaba de *Música de cámara* senón do que o levou a escribilo: «Cando escribín [*Música de cámara*], era un mozo solitario que camiñaba comigo mesmo de noite e pensaba que un día unha moza me amaría». En *Música de cámara* recrea un retrato se si mesmo coma artista os seus sentimentos e estados de ánimo espirituais. Son famosas as palabras coas que Joyce definiu a súa obra: «Foi unha protesta contra min mesmo». *Música de Cámara* desenvolve moitas das preocupacións temáticas e formais da obra posterior de Joyce: a atracción e frustración do amor, a traizón, o rexeitamento, a soidade e a censura social ou a función da arte e o papel do poeta. Os trazos líricos da narrativa joyceana veñen tamén subliñados en *Música de cámara*: xogos de palabras, recursos fónicos, cadencias rítmicas etc.

Traducir *Música de cámara* supuxo ter que fanar, no mellor dos casos, a mensaxe ou a musicalidade da suite. Significou ter que construír un universo sen antecedentes. Enfrontarse a unha estrutura inaudita e mesmo escoller a versión a publicar. Malia que a idea de recuperar a orde establecida por Joyce no manuscrito de 1905 resultou sedutora, nesta tradución seguimos a secuencia publicada inicialmente.

Lorenzo Maroño

I

Cordas na terra e no ar  
Música doce fan;  
Cordas onda o río no lugar  
Onde os salgueiros están.

Hai música ao longo do río  
Pois alí vaga o Amor de paseo,  
Pálidas flores no seu manto,  
Fuscas follas no cabelo.

Todos mainos a tocar,  
A cabeza á música tendendo,  
E os dedos a divagar  
Sobre un instrumento.

I

Strings in the earth and air  
Make music sweet;  
Strings by the river where  
The willows meet.

There's music along the river  
For Love wanders there,  
Pale flowers on his mantle,  
Dark leaves on his hair.

All softly playing,  
With head to the music bent,  
And fingers straying  
Upon an instrument.

## II

O crepúsculo muda de ametista  
a un azul fondo, moi fondo,  
O farol enche de pálido verde fulgor  
As árbores da avenida.

O vello piano toca unha cantiga,  
Pausada e lenta e leda;  
Téndese sobre as teclas amarelas ela,  
A cabeza en tal sentido reclina.

Pensamentos tímidos e serios ollos abertos e mans  
Que tangonean a par que se inclinan...  
O crepúsculo muda a un azul más escuro  
Con brillos de ametista.

## II

The twilight turns from amethyst  
To deep and deeper blue,  
The lamp fills with a pale green glow  
The trees of the avenue.

The old piano plays an air,  
Sedate and slow and gay;  
She bends upon the yellow keys,  
Her head inclines this way.

Shy thought and grave wide eyes and hands  
That wander as they list –  
The twilight turns to darker blue  
With lights of amethyst.

### III

A esa hora na que todo acalma,  
Oh, senlleira vixía dos ceos,  
Escoitas o vento nocturno e os lamentos  
Das arpas a tocarlle ao Amor para que abra  
As pálidas portas da alborada?

Cando todo acalma, senlleira  
Espertas para oír as doces arpas tocar  
Para o Amor ante el no seu camiñar,  
E o vento nocturno a responder en antífona  
Até quedar a noite vencida?

Tocade más, invisibles arpas, para o Amor,  
Cuxa estela no ceo brilla  
A esa hora na que luces lenes veñen e van,  
Música doce e lene no aire por riba  
E por baixo no chan.

### III

At that hour when all things have repose,  
O lonely watcher of the skies,  
Do you hear the night wind and the sighs  
Of harps playing unto Love to unclose  
The pale gates of sunrise?

When all things repose, do you alone  
Awake to hear the sweet harps play  
To Love before him on his way,  
And the night wind answering in antiphon  
Till night is overgone?

Play on, invisible harps, unto Love,  
Whose way in heaven is aglow  
At that hour when soft lights come and go,  
Soft sweet music in the air above  
And in the earth below.

## IV

Cando a tímida estrela avanza no ceo  
  Recatada, desconsolada,  
Escoita no atardecer somnolento  
  Aquel que á túa porta canta.  
A súa canción é más suave ca o resío  
  El vén para te visitar.

Oh, non te inclines más envisa  
  Cando estea no solpor a te chamar.  
Non matines: quen será este cantor  
  Cuxa canción cae sobre o meu corazón?  
Coñece por isto, o canto do amante,  
  Que eu son o teu visitante.

## IV

When the shy star goes forth in heaven  
  All maidenly, disconsolate,  
Hear you amid the drowsy even  
  One who is singing by your gate.  
His song is softer than the dew  
  And he is come to visit you.

O bend no more in revery  
  When he at eventide is calling.  
Nor muse: Who may this singer be  
  Whose song about my heart is falling?  
Know you by this, the lover's chant,  
  'Tis I that am your visitant.

V

Asómate á ventá,  
Dourada melena,  
Sinto que cantas  
Unha cantiga leda.

Pechei o meu libro,  
Xa non lin más,  
Para ver bailar o lume  
Enriba do chan.

Deixei o meu libro,  
Deixei a habitación,  
Pois sentín que cantabas  
Entre tanto negror.

Cantabas e cantabas  
Unha cantiga leda,  
Asómate á ventá,  
Dourada melena.

V

Lean out of the window,  
Goldenhair,  
I hear you singing  
A merry air.

My book was closed,  
I read no more,  
Watching the fire dance  
On the floor.

I have left my book,  
I have left my room,  
For I heard you singing  
Through the gloom.

Singing and singing  
A merry air,  
Lean out of the window,  
Goldenhair.

**VI**

Querería nese doce peito estar  
(Oh, que doce é, que albo é!)  
Onde ningún vento vil me viñese visitar.  
Por mor de tristes austeridades  
Querería nese doce peito estar.

Querería sempre estar nese corazón  
(Oh, chamo suave á porta e suplícolle suave!)  
Onde só a paz fose a miña misión.  
Máis doces serían todas as austeridades  
De estar eu sempre nese corazón.

**VI**

I would in that sweet bosom be  
(O sweet it is and fair it is!)  
Where no rude wind might visit me.  
Because of sad austerities  
I would in that sweet bosom be.

I would be ever in that heart  
(O soft I knock and soft entreat her!)  
Where only peace might be my part.  
Austerities were all the sweeter  
So I were ever in that heart.

## VII

O meu amor está en roupaxes lixeiras  
No medio das maceiras,  
Onde os ventos gaios más ansían  
Correr en compañías.

Alí, onde os ventos gaios quedan a cortexar  
As follas novas na súa carreira,  
O meu amor vai devagar, a se inclinar  
Cara á súa sombra na herba;

E onde o ceo é unha cunca de azul claro  
Por riba da terra que ri,  
O meu amor vai lixeira, alzando  
O seu vestido con grácil man.

## VII

My love is in a light attire  
Among the apple-trees,  
Where the gay winds do most desire  
To run in companies.

There, where the gay winds stay to woo  
The young leaves as they pass,  
My love goes slowly, bending to  
Her shadow on the grass;

And where the sky's a pale blue cup  
Over the laughing land,  
My love goes lightly, holding up  
Her dress with dainty hand.

## VIII

Quen vai polo verde bosque  
Coa primavera a engalanala toda?  
Quen vai polo alegre verde bosque  
Para poñelo más alegre?

Quen pasa baixo o sol  
Por sendas que saben do paso livián?  
Quen pasa baixo o doce sol  
Cun aire tan virxinal?

As sendas do bosque enteiro  
Brillan con lume suave e dourado...  
Por quen o solleiro bosque enteiro  
Leva atavío tan gallardo?

Oh, polo meu verdadeiro amor  
Visten os bosques tan rica roupa...  
Oh, polo meu único e verdadeiro amor,  
Por ser tan nova e fermosa!

## VIII

Who goes amid the green wood  
With springtide all adorning her?  
Who goes amid the merry green wood  
To make it merrier?

Who passes in the sunlight  
By ways that know the light footfall?  
Who passes in the sweet sunlight  
With mien so virginal?

The ways of all the woodland  
Gleam with a soft and golden fire –  
For whom does all the sunny woodland  
Carry so brave attire?

O, it is for my true love  
The woods their rich apparel wear –  
O, it is for my own true love,  
That is so young and fair.

## **IX**

Ventos de maio, que sobre o mar danzades,  
Danzando á roda con alegría  
De ronsel en ronsel, mentres elevada  
A escuma voa a tornarse grilanda,  
En arcos de prata que sucan o aire,  
Vistes meu amor verdadeiro por aquí?  
  
Ai de min! Ai de min!  
Estes ventos de maio!  
O amor é triste cando o amor está afastado!

## **IX**

Winds of May, that dance on the sea,  
Dancing a ring-around in glee  
From furrow to furrow, while overhead  
The foam flies up to be garlanded,  
In silvery arches spanning the air,  
Saw you my true love anywhere?  
  
Welladay! Welladay!  
For the winds of May!  
Love is unhappy when love is away!

**X**

Pucha brillante e fitas,  
El canta na vaganta:  
Que me sigan, que me sigan,  
Todos os que aman.

Deixade os soños aos soñadores  
Que non virán atrás,  
Que canción e risa  
Non os moven máis.

Con fitas ondeando  
El canta con más forza;  
En tropel ao seu ombro  
As abellas salvaxes zoan.

E o tempo de soñar  
Soños rematou...  
Como amante a amante,  
Miña amiga, vou.

**X**

Bright cap and streamers,  
He sings in the hollow:  
Come follow, come follow,  
All you that love.

Leave dreams to the dreamers  
That will not after,  
That song and laughter  
Do nothing move.

With ribbons streaming  
He sings the bolder;  
In troop at his shoulder  
The wild bees hum.

And the time of dreaming  
Dreams is over –  
As lover to lover,  
Sweetheart, I come.

**XI**

Di adeus, adeus, adeus,  
Di adeus aos días de ser nena,  
O ledo Amor vérvos cortexar  
A vós e os vosos modos de doncela...  
A faixa que vos torna fermosa,  
A fita na vosa cabeleira marelha,

Ao escoitares o seu nome por riba  
Dos claríns do querubín  
Comeza lentamente a descinguir  
O voso seo de doncela para el  
E a desfacer lentamente a fita  
Que é o signo da virxinal nenez.

**XI**

Bid adieu, adieu, adieu,  
Bid adieu to girlish days,  
Happy Love is come to woo  
Thee and woo thy girlish ways –  
The zone that doth become thee fair,  
The snood upon thy yellow hair,

When thou hast heard his name upon  
The bugles of the cherubim  
Begin thou softly to unzone  
Thy girlish bosom unto him  
And softly to undo the snood  
That is the sign of maidenhood.

## XII

Que consello a lúa encapuchada puxo  
No voso corazón, meu tímido ben,  
Verbo do Amor en antigo plenilunio,  
Gloria e estrelas baixo os seus pés...  
Sabia que é só un ser querido  
Do comediantre capuchino?

Creme ben que son sabio  
Por desprezar o divino,  
A gloria prende nesa ollada,  
Tremela á luz das estrelas. Miña, Oh, Miña!  
Non más bágoas entre a néboa ou ao luar  
Para vós, doce sentimental.

## XII

What counsel has the hooded moon  
Put in thy heart, my shyly sweet,  
Of Love in ancient plenilune,  
Glory and stars beneath his feet –  
A sage that is but kith and kin  
With the comedian Capuchin?

Believe me rather that am wise  
In disregard of the divine,  
A glory kindles in those eyes  
Trembles to starlight. Mine, O Mine!  
No more be tears in moon or mist  
For thee, sweet sentimentalist.

### XIII

Vaina buscar cheo de cortesía,  
E dille que vou,  
Vento de especias cuxa canción é sempre  
Epitalamio.  
Oh, apresúrate por escuras terras  
E corre sobre o mar  
Pois nin mares nin terras nos desunirán  
Ao meu amor e a min.

Agora, vento, pola túa boa cortesía  
Prégoche que vayas,  
E entres no seu pequeno xardín  
E cantes baixo a súa ventá;  
Que cantes: Está a soprar o vento nupcial  
Pois o Amor está no seu mediodía;  
E axiña o teu verdadeiro amor estará contigo,  
Axiña, Oh, axiña.

### XIII

Go seek her out all courteously,  
And say I come,  
Wind of spices whose song is ever  
Epithalamium.  
O, hurry over the dark lands  
And run upon the sea  
For seas and lands shall not divide us  
My love and me.

Now, wind, of your good courtesy  
I pray you go,  
And come into her little garden  
And sing at her window;  
Singing: The bridal wind is blowing  
For Love is at his noon;  
And soon will your true love be with you,  
Soon, O soon.

**XIV**

Miña rula, miña fermosura,  
Levanta, levanta!  
O resío da noite apousa  
Nos meus beizos e ollada.

Os aromáticos ventos tecen  
Unha música de suspiros:  
Levanta, levanta!  
Miña rula, miña fermosura.

Espérote onda o cedro,  
Miña irmá, meu amor,  
Albo peito de rula,  
O meu peito farache de leito.

O pálido resío apousa  
Como un veo na miña cabeza.  
Miña belida, miña rula bela,  
Levanta, levanta!

**XIV**

My dove, my beautiful one,  
Arise, arise!  
The night-dew lies  
Upon my lips and eyes.

The odorous winds are weaving  
A music of sighs:  
Arise, arise,  
My dove, my beautiful one!

I wait by the cedar tree,  
My sister, my love,  
White breast of the dove,  
My breast shall be your bed.

The pale dew lies  
Like a veil on my head.  
My fair one, my fair dove,  
Arise, arise!

**XV**

Dos soños orballosos, alma miña, levanta,  
Do profundo letargo do amor e da morte,  
Pois, olla! as árbores están cheas de suspiros  
Cuxas follas amoesta a madrugada.

Ao leste a aurora gradual vai vencendo  
Onde aparecen lumes de suaves lapas,  
E fan que tremen todos esos veos  
De gris e dourada gasa.

Mentres, doce, xentil, secretamente,  
Repican os sinos floridos da mañá  
E os sabios coros das fadas  
Comezan (innúmeros!) a se escoitar.

**XV**

From dewy dreams, my soul, arise,  
From love's deep slumber and from death,  
For lo! the trees are full of sighs  
Whose leaves the morn admonisheth.

Eastward the gradual dawn prevails  
Where softly-burning fires appear,  
Making to tremble all those veils  
Of grey and golden gossamer.

While sweetly, gently, secretly,  
The flowery bells of morn are stirred  
And the wise choirs of faery  
Begin (innumorous!) to be heard.

**XVI**

Oh, fresco está o val agora  
E alí, amor, habemos de ir  
Pois moitos coros están a cantar agora  
Onde o Amor ás veces adoitaba ir.  
E non escoitas os tordos a chamar,  
A chamar ao lonxe por nós?  
Oh, fresco e xangal está o val  
E alí, amor, habemos de quedar.

**XVI**

O cool is the valley now  
And there, love, will we go  
For many a choir is singing now  
Where Love did sometime go.  
And hear you not the thrushes calling,  
Calling us away?  
O cool and pleasant is the valley  
And there, love, will we stay.

**XVII**

Porque a túa voz estivo ao meu carón  
Causeille a el pesar,  
Porque nas mans tiven  
De novo a túa man.

Non hai palabra nin sinal  
Que o poida arranxar...  
Agora é para min un descoñecido  
Aquel que fora o meu amigo.

**XVII**

Because your voice was at my side  
I gave him pain,  
Because within my hand I held  
Your hand again.

There is no word nor any sign  
Can make amend –  
He is a stranger to me now  
Who was my friend.

## XVIII

Oh, miña amiga, escoita  
O conto do teu namorado;  
Un home verase coitado  
Cando os amigos o enganan.

Pois saberá daquela  
Que os amigos non son de fiar  
E nun montón de cinsas  
As súas palabras hanse de tornar.

Pero unha ata el  
Tenra se achegará  
E tenra o cortexará  
Coas trazas do amor.

A man del está baixo  
O peito dela, suave e redondo;  
Así, quen anda coitado  
Atopará acougo.

## XVIII

O Sweetheart, hear you  
Your lover's tale;  
A man shall have sorrow  
When friends him fail.

For he shall know then  
Friends be untrue  
And a little ashes  
Their words come to.

But one unto him  
Will softly move  
And softly woo him  
In ways of love.

His hand is under  
Her smooth round breast;  
So he who has sorrow  
Shall have rest.

## XIX

Non esteas triste porque os homes todos  
Prefiran un clamor mentireiro a ti:  
Amiga, estate en paz de novo...  
Poden eles deshonrarte a ti?

Son eles más tristes c todas as bágoas;  
Coma un continuo suspiro as súas vidas se elevan.  
Responde orgullosa ás súas bágoas:  
E se eles renegan, ti renega.

## XIX

Be not sad because all men  
Prefer a lying clamour before you:  
Sweetheart, be at peace again –  
Can they dishonour you?

They are sadder than all tears;  
Their lives ascend as a continual sigh.  
Proudly answer to their tears:  
As they deny, deny.

**XX**

No escuro piñeiral  
Contigo xacer me gustaría,  
Á sombra fresca, fondal  
A pleno mediodía.

Que doce xacer alí,  
Doce se bicar,  
Onde o gran bosque de piñeiros  
Enfilado está!

O voso bico descendente  
Sería más tenro  
Cun suave tumulto  
Do voso cabelo.

Oh, ata o piñeiral  
A pleno mediodía  
Ven comigo agora,  
Ven, doce amiga.

**XX**

In the dark pine-wood  
I would we lay,  
In deep cool shadow  
At noon of day.

How sweet to lie there,  
Sweet to kiss,  
Where the great pine-forest  
Enasled is!

Thy kiss descending  
Sweeter were  
With a soft tumult  
Of thy hair.

O unto the pine-wood  
At noon of day  
Come with me now,  
Sweet love, away.

**XXI**

Quen perdeu a gloria e non dá  
Atopado outra alma por amiga,  
Entre o desprezo e a ira dos seus inimigos  
Agárrase á nobreza antiga,  
Ese gran inapreixable...  
O seu amor é a súa compañía.

**XXI**

He who hath glory lost, nor hath  
Found any soul to fellow his,  
Among his foes in scorn and wrath  
Holding to ancient nobleness,  
That high unconsortable one –  
His love is his companion.

## **XXII**

Desa tan doce prisión  
A miña alma, querida, se aprace...  
Tenros brazos que me conquistan ata a rendición  
E me conquistan para demorarme.  
Ah, se puidesen reterme sempre alí  
Con gusto sería eu prisioneiro!

Querida, entre brazos entrelazados  
Que tornou trémulos o amor,  
Atráeme a noite na que os sobresaltos  
Non poidan en absoluto inquietarnos;  
Senón o sono despose co sono máis soñador  
No que alma con alma xaza en prisión.

## **XXII**

Of that so sweet imprisonment  
My soul, dearest, is fain –  
Soft arms that woo me to relent  
And woo me to detain.  
Ah, could they ever hold me there  
Gladly were I a prisoner!

Dearest, through interwoven arms  
By love made tremulous,  
That night allures me where alarms  
Nowise may trouble us;  
But sleep to dreamier sleep be wed  
Where soul with soul lies prisoned.

### **XXIII**

Este corazón que palpita preto do meu corazón  
É a miña esperanza e toda a miña riqueza,  
Infeliz na hora da separación  
E entre bico e bico, feliz:  
A miña esperanza e toda a miña riqueza, si!,  
E a miña felicidade completa.

Pois aí, o mesmo ca nun niño de musgo  
As carrizas os diversos tesouros han de gardar,  
Puxen eu aqueles tesouros que posuía  
Antes que meus ollos aprenderan a chorar.  
Non imos ser nós tan sabios coma as carrizas  
Aínda que o amor viva senón un día?

### **XXIII**

This heart that flutters near my heart  
My hope and all my riches is,  
Unhappy when we draw apart  
And happy between kiss and kiss:  
My hope and all my riches – yes! –  
And all my happiness

For there, as in some mossy nest  
The wrens will divers treasures keep  
I laid those treasures I possessed  
Ere that mine eyes had learned to weep.  
Shall we not be as wise as they  
Though love live but a day?

**XXIV**

En silencio está a peitear,  
A peitear o seu longo cabelo  
En silencio e con grazia  
Con acenos moi belos.

O sol está nas follas do salgueiro  
E na herba atigrada,  
E segue a peitear o seu longo cabelo  
Diante do espello.

Rógocho, deixa de peitear,  
Peitear o longo cabelo,  
Pois oín de meiguerías  
Baixo acenos tan belos,

Pois para o amante resulta igual  
Quedar aí que marchar,  
Toda fermosa, entre acenos tan belos  
E moito desleixo.

**XXIV**

Silently she's combing,  
Combing her long hair  
Silently and graciously,  
With many a pretty air.

The sun is in the willow leaves  
And on the dappled grass,  
And still she's combing her long hair  
Before the looking-glass.

I pray you, cease to comb out,  
Comb out your long hair,  
For I have heard of witchery  
Under a pretty air,

That makes as one thing to the lover  
Staying and going hence,  
All fair, with many a pretty air  
And many a negligence.

**XXV**

Lixeira ven ou lixeira marcha:  
Por máis que o corazón vos presaxie desgraza,  
Vales e moitos soles baldíos,  
Oréade, que corra o voso riso,  
Ate que o aire irreverente da montaña  
Vos axite o cabelo en ondada.

Lixeira, lixeira... sempre así:  
As nubes que cobren embaixo os vales  
Á hora da estrela crepuscular  
Son a más humilde compañía;  
O amor e o riso confésanse en cancións  
Cando más pesa o corazón.

**XXV**

Lightly come or lightly go:  
Though thy heart presage thee woe,  
Vales and many a wasted sun,  
Oread, let thy laughter run,  
Till the irreverent mountain air  
Ripple all thy flying hair.

Lightly, lightly-ever so:  
Clouds that wrap the vales below  
At the hour of evenstar  
Lowliest attendants are;  
Love and laughter song-confessed  
When the heart is heaviest.

**XXVI**

Sobre a cuncha da noite reclinas,  
Dama prezada, o teu oído adiviñador.  
Nese suave coro de delicia  
Que son fixo temer o voso corazón?  
Imitaba ao dos ríos que corren  
Dos grises desertos do norte?

Ese humor voso, oh temerosa,  
É o seu, se o examinades ben,  
Que nos deixa unha historia tola  
Á hora fantasmal e conxurable...  
E todo por un nome estranxo que leu  
En Purchas ou en Holinshed.

**XXVI**

Thou leanest to the shell of night,  
Dear lady, a divining ear.  
In that soft choiring of delight  
What sound hath made thy heart to fear?  
Seemed it of rivers rushing forth  
From the grey deserts of the north?

That mood of thine, O timorous,  
Is his, if thou but scan it well,  
Who a mad tale bequeaths to us  
At ghosting hour conjurable –  
And all for some strange name he read  
In Purchas or in Holinshed.

## XXVII

Aínda que o voso Mitrídates eu fose,  
Afeito a desafiar o dardo velenoso,  
Porén deberas abrazarme ignorante  
Para coñecer a éxtase do voso corazón,  
E tan só me rendería e confesaría  
A malicia da vosa tenrura.

De elegantes e antigas frases,  
Querida, os meus labios tórnanse sabios;  
Non sei dun amor cuxa loanza  
Celebren os nosos poetas pifanistas,  
Nin un amor onde non haxa  
Mesmo unha miga de mentira.

## XXVII

Though I thy Mithridates were,  
Framed to defy the poison-dart,  
Yet must thou fold me unaware  
To know the rapture of thy heart,  
And I but render and confess  
The malice of thy tenderness.

For elegant and antique phrase,  
Dearest, my lips wax all too wise;  
Nor have I known a love whose praise  
Our piping poets solemnize,  
Neither a love where may not be  
Ever so little falsity.

## **XXVIII**

Xentil dama, non cantedes  
Tristes cancións sobre a fin do amor;  
Apartade a tristura e cantade  
Como abonda que o amor pase.

Cantade sobre o longo e fondo sono  
Dos amantes que están mortos, e como  
Na tumba todo amor durmirá:  
O amor está cansado xa.

## **XXVIII**

Gentle lady, do not sing  
Sad songs about the end of love;  
Lay aside sadness and sing  
How love that passes is enough.

Sing about the long deep sleep  
Of lovers that are dead, and how  
In the grave all love shall sleep:  
Love is aweary now.

## **XXIX**

Querido corazón, por que me tratas así?  
Queridos ollos que me reprenden con xentileza,  
Aínda sodes fermosos... mais ai!,  
Que revestida está a vosa beleza!

A través do claro espello dos teus ollos,  
A través do tenro suspiro entre bico e bico,  
Desolados ventos asaltan a berros  
O xardín sombrío onde está o amor.

E axiña o amor se ha de esvaecer  
Cando zoen os salvaxes ventos sobre nós...  
Mais ti, querido amor, moi querido para min,  
Ah, por que me tratas así?

## **XXIX**

Dear heart, why will you use me so?  
Dear eyes that gently me upbraid,  
Still are you beautiful – but O,  
How is your beauty raimented!

Through the clear mirror of your eyes,  
Through the soft sigh of kiss to kiss,  
Desolate winds assail with cries  
The shadowy garden where love is.

And soon shall love dissolved be  
When over us the wild winds blow –  
But you, dear love, too dear to me,  
Alas! why will you use me so?

**XXX**

O amor chegou a nós nun tempo pasado  
Cando un tocaba tímido no solpor  
E o outro quedaba preto con medo  
Pois o Amor ao inicio é todo temor.

Fomos noivos formais. O amor pasou  
Que tantas horas doces tivo para si;  
Benvidas para nós agora ao final  
As sendas que habemos de seguir.

**XXX**

Love came to us in time gone by  
When one at twilight shyly played  
And one in fear was standing nigh –  
For Love at first is all afraid.

We were grave lovers. Love is past  
That had his sweet hours many a one;  
Welcome to us now at the last  
The ways that we shall go upon.

**XXXI**

Oh, pasou fóra de Donnycarney  
Cando o morcego de árbore en árbore ía  
O meu amor e eu andabamos xuntos  
E doces eran as palabras que me dicía.  
  
Canda nós o vento estival  
Feliz, ah!... murmuraba...  
Pero más tenro que a areixa do verán  
Foi o bico que me daba.

**XXXI**

O, it was out by Donnycarney  
When the bat flew from tree to tree  
My love and I did walk together;  
And sweet were the words she said to me.  
  
Along with us the summer wind  
Went murmuring – O, happily! –  
But softer than the breath of summer  
Was the kiss she gave to me.

**XXXII**

A chuvia caeu todo o día.  
Oh, ven entre as árbores empapadas:  
As follas cobren mestas a senda  
Das lembranzas.

Seguindo un pouco pola senda  
Das lembranzas partiremos nós.  
Ven, miña amada, onde poida  
Falarlle ao teu corazón.

**XXXII**

Rain has fallen all the day.  
O come among the laden trees:  
The leaves lie thick upon the way  
Of memories.

Staying a little by the way  
Of memories shall we depart.  
Come, my beloved, where I may  
Speak to your heart.

### **XXXIII**

Agora, oh, agora, nesta terra pardenta  
Onde o Amor música tan doce creou  
Vagaremos os dous, man con man,  
Contidos en aras dunha vella amizade,  
Sen pena, porque o noso amor foi ledo  
E agora remata deste xeito.

Un pícaro vestido de vermello e amarelo  
Golpea, golpea na árbore;  
E ao redor da nosa soidade  
O vento asubía con felicidade.  
As follas... xa nada suspiran  
Cando o ano as toma na caída.

Agora, oh agora, non escoitamos máis  
A villanella e o rondó!  
Aínda así nos bicaremos, meu ben, antes  
De tomar a triste partida ao pechar do día.  
Non te afluxas, meu ben, por nada...  
O ano, o ano fai a súa anada.

### **XXXIII**

Now, O now, in this brown land  
Where Love did so sweet music make  
We two shall wander, hand in hand,  
Forbearing for old friendship' sake,  
Nor grieve because our love was gay  
Which now is ended in this way.

A rogue in red and yellow dress  
Is knocking, knocking at the tree;  
And all around our loneliness  
The wind is whistling merrily.  
The leaves – they do not sigh at all  
When the year takes them in the fall.

Now, O now, we hear no more  
The vilanelle and roundelay!  
Yet will we kiss, sweetheart, before  
We take sad leave at close of day.  
Grieve not, sweetheart, for anything –  
The year, the year is gathering.

#### **XXXIV**

Durme agora, oh, durme agora,  
Oh ti, inquieto corazón!  
Unha voz que berra "Durme agora"  
Escóitase no meu corazón.

A voz do inverno  
Escóitase atrás da porta.  
Oh, durme, que o inverno  
Berra "Non durmas más".

Meu bico daralle paz agora  
E acougo ao teu corazón...  
Durme a eito en paz agora,  
Oh ti, inquieto corazón!

#### **XXXIV**

Sleep now, O sleep now,  
O you unquiet heart!  
A voice crying "Sleep now"  
Is heard in my heart.

The voice of the winter  
Is heard at the door.  
O sleep, for the winter  
Is crying "Sleep no more."

My kiss will give peace now  
And quiet to your heart –  
Sleep on in peace now,  
O you unquiet heart!

**XXXV**

Todo o día sinto o ruído das augas  
Que se laian,  
Tristes coma a ave mariña que, indo  
Solitaria,  
Sente os ventos a bruarlle á monotonía  
Da auga.

Os ventos grises, os ventos fríos zoan  
Onde eu vou.  
Sinto o ruído de moitas augas  
Lonxe no fondo.  
Todo o día, toda a noite, sinto como flúen  
Dun lado para outro.

**XXXV**

All day I hear the noise of waters  
Making moan,  
Sad as the sea-bird is when, going  
Forth alone,  
He hears the winds cry to the water's  
Monotone.

The grey winds, the cold winds are blowing  
Where I go.  
I hear the noise of many waters  
Far below.  
All day, all night, I hear them flowing  
To and fro.

## XXXVI

Sinto un exército que carga sobre a terra,  
E o trono de cabalos que se abalanzan, a  
[escuma polas sofraxes:  
Arrogantes, tras deles se alzan, con armaduras  
[negras,  
Desdeñando as rendas, os aurigas, con  
[látegos flamexantes.

Berran na noite os seus nomes de guerra:  
Xemo en soños cando sinto ao lonxe aúa  
[risa revirada.  
Fenden a penumbra dos soños, unha chama que  
[cega,  
Martelando, martelando no corazón coma  
[nunha zafra.

Veñen ondeando en triunfo o seu longo e verde  
[cabelo:  
Emerxen do mar e corren pola beira a viva  
[voz.  
Meu corazón, non tes sabedoría para te  
[desesperar deste xeito?  
Meu amor, meu amor, meu amor, por que me  
[deixaches só?

## XXXVI

I hear an army charging upon the land,  
And the thunder of horses plunging, foam  
[about their knees:  
Arrogant, in black armour, behind them  
[stand,  
Disdaining the reins, with fluttering whips,  
[the charioteers.

They cry unto the night their battle-name:  
I moan in sleep when I hear afar their  
[whirling laughter.  
They cleave the gloom of dreams, a blinding  
[flame,  
Clanging, clanging upon the heart as upon  
[an anvil.

They come shaking in triumph their long,  
[green hair:  
They come out of the sea and run shouting  
[by the shore.  
My heart, have you no wisdom thus to  
[despair?  
My love, my love, my love, why have you  
[left me alone?